

ACORDO ENTRE A DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E ECOEMBS PARA A XESTIÓN DA RECOLLIDA SELECTIVA DE ENVASES NA PROVINCIA DE OURENSE

Por medio do presente Acordo a Diputación Provincial de Ourense comprométese a xestionar a recollida selectiva de envases naqueles concellos da provincia que deleguen nela e que se encontren adheridos ó Convenio Marco firmado, con data 11 de abril de 2005, entre Ecoembes e a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 9 da Lei 11/1997, de Envases e Residuos de Envases asumindo a Diputación Provincial de Ourense todos os compromisos e condicións que se definen nel para cada unha das partes.

Ademais, a Diputación Provincial de Ourense asume os seguintes compromisos:

COMPROMISOS

1. Recollida selectiva multimaterial de envases lixeiros

Realizar a recollida selectiva de envases lixeiros, a partir do 1 de xaneiro do 2008, segundo o previsto no Convenio Marco entre Ecoembes e a Comunidade Autónoma de Galicia, nos concellos que delegaran este servizo na Diputación. A relación inicial destes concellos é a seguinte: AVIÓN, BANDE, BAÑOS DE MOLGAS, BOLO (O), CARBALLEDA DE VALDEORRAS, CHANDREXA DE QUEIXA, CUALEDRO, ESGOS, GUDIÑA (A), LAROUCO, LAZA, LOBEIRA, MELON, MEZQUITA, MONTEDERRAMO, MONTERREI, MUIÑOS, NOGUEIRA DE RAMUIN, OIMBRA, PADERNE DE ALLARIZ, PADRENDA, PEREIRO DE AGUIAR, PETIN, POBRA DE TRIVES, RIÓS, RUBIA, SAN CIBRAO DAS VIÑAS, TABOADELA, TEIXEIRA (A), VEIGA (A), VERIN, VIANA DO BOLO, VILAMARTIN DE VALDEORRAS, VILAR DE BARRIO, XUNQUEIRA DE AMBIA y XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO.

Esta relación poderá variar en función das necesidades de cada momento, comunicando a Diputación a Ecoembes as altas e/ou as baixas destes concellos, as cales terán efecto a partir do día 1 do vindeiro mes.

Entregar os residuos de envases lixeiros recollidos nas plantas de transferencia ou selección que corresponda en cada momento segundo a planificación da recollida de R.S.U. aplicable en cada momento.

2. Recollida monomaterial de papel e cartón

Do mesmo xeito a Diputación poderá asumir a prestación do servizo da recollida selectiva monomaterial do papel e cartón nos concellos que deleguen nela.

Neste caso a Diputación deberá comunicar a Ecoembes a relación de concellos nos que preste o servizo en cada momento. Asimesmo, dacordo co previsto no Convenio Marco entre Ecoembes e a Comunidade Autónoma de Galicia, a Diputación deberá escoller unha das seguintes alternativas:

- a) Que Ecoembes designe ó recuperador ou reciclador ó que entregará o material recollido. Durante o proceso de designación, Ecoembes solicitará a opinión da Diputación de Ourense.
- b) Designar ó recuperador ou reciclador ó que entregará o material recollido, comprometéndose a notificar a Ecoembes dita designación.

Na recollida selectiva monomaterial de papel e cartón, Ecoembes renuncia ó valor do material; polo tanto, negociará o recuperador ou reciclador coa Diputación o valor do papel e cartón a almacenar nas súas instalacións, tomándose a estos efectos como valor de referencia o prezo orixen de mercado da calidade mínima recuperada conforme á lista europea de calidades recuperadas de papel e cartón, antes de ser limpado, clasificado e embalado, xa que ditos traballos serán realizados por conta do recuperador ou reciclador.

3. Cofecemento do Convenio Marco

A Diputación Provincial de Ourense coñece o contido do Convenio Marco entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembes, incluídos todos os seus Anexos, quedando obrigada polo seu contido naquelo que sexa de aplicación en función do réximen competencial da xestión aplicable.

3. Vixencia e Resolución do presente Acordo

O presente Acordo entra en vigor á firma do mesmo, e a súa duración é ata o fin da vixencia do Convenio Marco entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembes, podendo ser prorrogado nos mesmos termos que, no seu caso, sexa renovado o referido Convenio Marco.


Ademais, son causas de resolución do presente Acordo as seguintes:

- Incumprimento reiterado por calquera das partes das súas obrigas asumidas no presente Acordo.

E en proba de conformidade con canto antecede firman o presente Acordo por duplicado exemplar a Diputación Provincial de Ourense e Ecoembes.


En Ourense, o 1 de xaneiro do 2008.

Pola Diputación Provincial de Ourense



D. José Luís Baltar Pumar
(Presidente da Diputación)

Por Ecoembes



D. Francisco Pan-Montojo González
(Director de Operacións)